

Xornadas
Antropoloxía de
en para
desde **Galicia**
14 Xuño 2017
Museo do Pobo Galego

Desde a Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro) invítase a titulados e profesionais da antropoloxía a participar nas próximas xornadas **Antropoloxía de/desde/en/para Galicia**, que terán lugar o 14 de Xuño do 2017 no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela), de 10:30 a 14 e de 16:00 a 19:30.

As xornadas están abertas a todas as persoas vencelladas coa profesión antropolóxica, desde calquera eido, ben sexa laboral, profesional ou do activismo. As xornadas perseguen ser unha oportunidade para:

- coñecer mellor os traballos que dun xeito ou doutro teñan unha relación con Galicia
- re-impulsar a Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro) como organización para a defensa da antropoloxía en Galicia e como ferramenta de colaboración e apoio para profesionais vencelladas/os á antropoloxía

ESTRUTURA

As xornadas estarán divididas en dúas sesións. A primeira, de presentación de traballos, na que os participantes que o desexen terán un espazo de 10 minutos para dar a coñecer as tarefas que levan a cabo ou que buscan desenvolver. A segunda sesión constará dunha mesa redonda onde debatir o papel da Asociación Galega de Antropoloxía, expoñer os problemas aos que se enfrenta esta profesión no territorio galego e tratar os principais puntos duns novos estatutos para a Asociación.

COMUNICACIÓNS E PARTICIPACIÓN

A participación nestas xornadas é gratuíta. Para a primeira das sesións, as persoas interesadas en presentar o seu traballo deben mandar o formulario de inscrición antes do día **15 de Maio** a agantro2017@hotmail.com

As persoas que queiran participar sin presentar comunicación teñen de prazo ata o **10 de Xuño**.

As persoas que queiran presentar o seu traballo pero non poidan asistir ás xornadas, poderán facelo mandando un **video de 5 minutos** de duración accesible desde internet (youtube o similar) coa súa presentación. Para iso, é necesario indicar esta opción na proposta de comunicación.

A presentación dunha comunicación non é requisito imprescindible para participar nas xornadas. Calquera persoa pode asistir, presente ou non o seu traballo.

CARACTERÍSTICAS DAS COMUNICACIÓNS

Durante a primeira sesión das xornadas cada persoa contará cun máximo de 10 minutos para presentar o seu traballo e para identificar os problemas principais do exercicio da súa actividade e as posibles solucións.

Suxerimos o seguinte formato de presentación:

- Descrición do traballo (5 minutos)
- Identificación de problemas (2 minutos)
- Identificación de alternativas/solucións (2 minutos)
- Preguntas aclaratorias do público (1 minuto)

Os temas, problemas e solucións propostas debateranse na segunda sesión das xornadas.

AUTORÍA: Non hai un máximo de co-autores para as presentacións.

TEMÁTICA: Calquera actividade profesional ou activista relacionada coa antropoloxía ten cabida.

IDIOMAS: O idioma principal será o galego, aínda que aceptaremos propostas en castelán, portugués e inglés.

AVALIACIÓN: A idea é dar cabida a todas as propostas que se presenten. O comité organizador das xornadas distribuirá as distintas propostas en bloques temáticos.



FICHA DE INSCRICIÓN

Nome:

Apelidos:

Ocupación actual:

Formación:

Email:

Teléfono de contacto:

Presenta comunicación: Sí/Non

Tipo de comunicación: Presencial / Video

Título descriptivo da comunicación (máximo 150 caracteres):

Cinco palabras clave: